



26/10/2006 - 26/11/2006
Salón de actos

artfutura 2006

PROYECCIONES

O MARCO presenta a programación audiovisual da XVII edición de ArtFutura. Nun momento no que –tras o auxe das tecnoloxías sociais, dos blogs e de novos paradigmas como o da “Web 2.0”– os usuarios da Rede cada vez xeran e canalizan de distintas formas maiores volumes de información; artistas, deseñadores e tecnólogos estanse a interesar por deseñar novas maneiras de representar e visualizar o movemento constante de datos que nos rodea. Baixo o título “Estética de Datos/Data Aesthetics”, o festival achégase este ano a terreos como a visualización de datos, a media-arquitectura, que pretende integrar os fluxos de datos nos espazos urbanos, e a introdución nos espazos escénicos das dinámicas da representación da información.



INFORMACIÓN XERAL

HORARIOS

Martes a sábado: 11.00 – 21.00
Domingo: 11.00 – 15.00. Pechado luns
Espazo Anexo: Martes a sábado, 11.00 – 14.00 e 17.00 – 21.00. Domingo, 11.00 – 14.00. Pechado luns
Biblioteca-Mediatteca: Martes a venres, 11.00 – 14.00 e 16.00 – 20.00

ENTRADA

Prezo: 3 €
Martes de 16.00 a 21.00 e mércores todo o día: “ti decides” (pago opcional)
Estudiantes con carné, maiores de 65 anos, desempregados e pensionistas: 2 €
Nenos/as ata 6 anos: gratuíta
De 7 a 14 anos: 1 €
Familia numerosa: 1 € por persoa
Grupos a partir de 10 persoas: 1 € por visitante.
Amigos do MARCO: gratuíta.

AGRUPACIÓN DE AMIGOS

amigos.marco@marcovigo.com
Entidade amiga: Galería Bancelos

SERVIZOS

Visitas guiadas gratuítas todos os días ás 18.00 h.
Visitas de grupo con cita previa (tel. 986 113900, ext. 307 ou 314)
Facilidades de acceso para persoas discapacitadas
Aseos adaptados
Gardarroupa
Cafetería-Restaurante-Terraza
Tenda-librería especializada

NORMAS DE ACCESO

O Museo de Arte Contemporánea de Vigo asume uns compromisos de calidade recollidos na súa Carta de Servizos. Este documento, así como as Follas de Reclamacións, atópanse a disposición do público no despacho de billetes do museo.

Lembramos ós visitantes que non está permitido:

- Toca-las obras de arte
- Facer fotografías nas salas de exposicións
- Fumar dentro do museo
- Introducir alimentos ou bebidas
- Entrar con mochilas ou carteiras grandes
- Acceder con animais excepto cans-guía
- Facer ruído ou correr polas salas de exposicións

| xoves | venres | sábado | domingo |
|--------------------|--------------------|-------------------------------|-----------|
| outubro | | | |
| 26 | 27 | 28 | 29 |
| 17.00 A 19.00 B | 17.00 C 19.00 D | 12.00 B 17.00 C 19.00 D | 12.00 A |
| novembro | | | |
| 2 | 3 | 4 | 5 |
| 17.00 B 19.00 A | 17.00 D 19.00 C | 12.00 A 17.00 C 19.00 D | 12.00 B |
| 9 | 10 | 11 | 12 |
| 17.00 C 19.00 D | 17.00 A 19.00 B | 12.00 D 17.00 A 19.00 B | 12.00 C |
| 16 | 17 | 18 | 19 |
| 17.00 D 19.00 C | 17.00 B 19.00 A | 12.00 C 17.00 D 19.00 B | |
| 23 | 24 | 25 | 26 |
| 17.00 A 19.00 B | 17.00 C 19.00 D | 12.00 B 17.00 A 19.00 C | 12.00 D |

ARTFUTURA 2006

PROGRAMA A:

ArtFutura Show 2006 - I 60'
Renaissance 30'

PROGRAMA B:

ArtFutura Show 2006 - II 60'
A Scanner Darkly 30'

PROGRAMA C:

Full Motion Theater 2006 60'
Retrospectiva Moebius 30'

PROGRAMA D:

3D en España 2006 60'
Avance Resfest-10 30'



MARCO

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Rúa Príncipe 54. 36202 Vigo, España
T. +34 986 113900 F. +34 986 113901
info@marcovigo.com www.marcovigo.com

PREZO ARTFUTURA: 1 € por sesión

+ INFORMACIÓN:
www.marcovigo.com
www.artfutura.com

PROPIETARIO
Excmo. Concello de Vigo
PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA (FEDER)
PROGRAMA INTERREG II ESPAÑA-PORTUGAL

MARCO
FUNDACIÓN

PRODUCCIÓN:

artfutura

FUNDACIÓN MARCO
Excmo. Xunta de Galicia
Excmo. Concello de Vigo
Excmo. Deputación Provincial de Pontevedra
Caixanova
Ministerio de Cultura

Estética de Datos . Data Aesthetics





artfutura 2006

PROYECCIONES

PROGRAMA A

ARTFUTURA SHOW 2006 - I (60')

Todo un clásico do festival dende os seus inicios, ArtFutura Show é unha selección imprescindible que recompila as mellores producións internacionais de animación por ordenador e efectos visuais. Dende as pezas máis espectaculares producidas polas grandes compañías de Hollywood, até as pequenas marabillas creadas por artistas independentes repartidos por todo o mundo. Nesta edición, por primeira vez, o programa dobra a súa duración habitual. Inclúe traballos como *Suba* (Alastair Graham), *Doll Face* (Andrew Huang), *Racing Beats* (Filmakademie Baden-Württemberg) e *One Rat Short* (Charlex), vencedor na recente edición de Siggraph, a gran cita internacional da imaxe 3D.

- *Racing Beats* - Directores: Alexander Kiesl, Steffen Hacker
- *The Building* - Director: Eric Riewer
- *Tread Softly* - Director: Heebok Lee
- *Into Pieces* - Director: Guilherme Marcondes
- *Carlitopolis* - Director: Luis Nieto
- *Paintings* - Aardman
- *Caps* - Directores: Moritz Mayerhofer, Jan Locher
- *Noggin* - Director: Alex Cannon
- *Hitchhiker's Guide to the Galaxy* - Cinesite
- *Suba* - Director: Alastair Graham
- *Musashino Plateau* - Director: Nobuo Takahashi
- *The Fly* - Director: HanJin Song
- *Doll Face* - Director: Andrew Huang
- *Scope* - Tangram
- *Do Robots Dream of Bunnies?* - Director: Piotr Karwas
- *One Rat Short* - Charlex

RENAISSANCE (30')

Algúns críticos teñen definido *Renaissance* como "o que tería pasado se Frank Miller e H.R. Giger se uniran para facer un remake de *Blade Runner*". E é certo que a cinta recupera moitos dos motivos recorrentes do cyberpunk: unha escura e degradada visión da cidade do futuro -neste caso o París do ano 2054-, perversas multinacionais da biotecnoloxía, científicos con problemas, e unha caracterización e ton narrativo herdados do modelo do cinema negro. Pero o seu realizador, Christian Volckman, non se limitou a reciclar os lugares comúns do xénero. O seu obxectivo foi facturar un auténtico "film noir" dixital. O programa presenta un documental da realización desta produción europea, coma un dos proxectos especialmente salientables dentro de ArtFutura 2006.

PROGRAMA B

ARTFUTURA SHOW 2006 - II (60')

Segunda parte da selección internacional de animación 3D, con traballos que salientan pola súa longa duración e ambiente atmosférico. Unha perfecta demostración de que a animación por ordenador ten aínda amplos campos por descubrir, e que é unha parte elemental da creatividade dos nosos días. Inclúe, entre outros, *Brush* (Lei Chen), *Monster Farm 5 Circus Caravan* (Junko Kawashima), *Metal and Meat* (Stephan Larson), e *Wojna* (Agnieszka Kruczek).

- *Brush* - Director: Lei Chen
- *Monster Farm 5 Circus Caravan* - Digital Media Lab
- *Rama* - Director: Eric Bruneton
- *Color Dream No. 246* - Director: Michael Theodore
- *Theros* - Director: Georgios Cherouvim
- *Wojna* - Director: Agnieszka Kruczek
- *Good is Good* - Directores: Todd Mueller, Kylie Matulick
- *Oh Hisse* - Director: Hikaru Yamakawa
- *Relighting Human Locomotion* - Director: Paul Debevec
- *Discord: Metal and Meat* - Director: Stephan Larson
- *Fall of Antioch* - Directores: Stephan Betz, Magid Hoff, Florian Witzel
- *Reflect* - Director: Dennis H. Miller
- *À Tort ou à Raison* - Directores: Joris Clerté, Philippe Massonnet
- *458nm* - Directores: Jan Bitzer, Ilija Brunc, Tom Weber

A SCANNER DARKLY (30')

Non hai un nome que excite tanto a imaxinación dos amantes da ciencia ficción como o do novelista Philip K. Dick. Unha nova adaptación ao cine dunha das súas obras é sempre recibida cunha mestura de expectación e temor. Se ademais se trata dun dos seus textos máis difíciles e o seu director é un dos realizadores menos convencionais da industria norteamericana, o resultado é unha aposta chea de risco. Todas estas circunstancias combínanse en *A Scanner Darkly*, unha das producións máis esperadas polos afeccionados á animación nos últimos anos. O filme pretende demostrar que é posible realizar outra clase de animación dixital, alonxada esteticamente do modelo establecido por Pixar, Dreamworks e outros xigantes do 3D, e pensada para un público adulto e cinéfilo. O programa exhibe un documental sobre este filme.

PROGRAMA C

FULL MOTION THEATER 2006 (60')

As intros son o espazo de cruce entre o mundo interactivo dos videoxogos e a narrativa cinematográfica. Estas secuencias non interactivas que forman parte das narracións dos títulos máis populares no mundo del ocio electrónico tórnense cada ano máis sofisticadas e innovadoras visualmente. Full Motion Theatre selecciona o máis interesante da produción audiovisual vencellada ao videoxogo. A edición 2006 está marcada polos títulos para a próxima xeración de consolas, e inclúe mostras de proxectos como *The Eye of Judgement*, *Resistance: Fall of Man*, *Okami*, *Assassin's Creed* ou *Metal Gear Solid 4*, entre moitos outros.

- Assassin's Creed
- Stranglehold
- The Eye of Judgment
- Genji
- Lego Star Wars 2
- Heavenly Sword
- Victi
- Resistance: Fall of Man
- Okami
- Formula One 06
- War Hawk
- Alone in the Dark
- Sam and Max
- Crysis
- Devil May Cry 4
- Brain Training
- Elveon
- Nba 2K7
- Rayman
- Tony Hawk's Project 8
- Trauma Center
- Metal Gear Solid 4 PS3
- Locoroco
- The Wheelman
- Spore
- Warhammer

RETROSPECTIVA MOEBIUS (30')

Todos os anos ArtFutura dedica unha ampla retrospectiva a un artista de especial importancia. Nesta edición o protagonista é Jean Giraud, máis coñecido como Moebius, un dos participantes asiduos do festival ao longo da súa historia. Da banda deseñada ao cine, a obra de Moebius representa un dos fitos da creatividade do noso tempo. Este ano prestámoslle unha homenaxe coa primeira parte da súa retrospectiva, centrada no seu traballo no terreo da animación.

PROGRAMA D

3D EN ESPAÑA 2006 (60')

O premio 3D en España é a convocatoria máis antiga no noso país destinada aos mellores traballos de animación 3D e efectos especiais producidos ao longo do último ano por compañías, estudantes e artistas independentes. O programa recolle os traballos finalistas que optan ao premio, que será decidido polos votos do público asistente. 3D en España ofrece unha mirada exhaustiva ao estado da animación digital e o 3D nacional. A edición deste ano inclúe pezas como *Bungle in the Jungle* (Miquel Cabot), *Changes* (Daniel Martínez Lara), *Perpetuum Mobile* (Enrique García y Raquel Ajofrín), ou *Niebla* (Emilio Ramos), entre outras.

- *Bungle in the Jungle* - Miquel Cabot (Universitat Illes Balears)
- *Changes* - Daniel Martínez Lara
- *En Pañales* - Antonio Pol (Universitat Illes Balears)
- *Perpetuum Mobile* - Enrique García y Raquel Ajofrín
- *Garto* - Luis Gómez Guzmán
- *La Pieza* - Imanol Garazábal
- *Victor, Empleado del Mes* - David F. Barruz (CICE)
- *Karma Hunters* - El Miku
- *Exit* - Angel Pascual Berlanga
- *Policía de Autopista* - Javier García Escudero
- *The Wrong Glasses* - Alberto Rodríguez
- *Khuda-Yana* - Javier Martínez (BRB)
- *Nina* - Cristian Ibáñez Gea (Universitat Illes Balears)
- *Gallygows / The Users* - Alex Villagrasa
- *Niebla* - Emilio Ramos (Universitat Pompeu Fabra)

AVANCE RESFEST-10 (30')

Un avance da décima edición de Resfest, o festival adicado exclusivamente a amosar o traballo da primeira xeración de cineastas dixitais: curtmetraxes, publicidade, video clips, títulos de crédito, documentais, animación... Resfest comezará a súa xira mundial en Chicago en outubro, e chegará a España a principios de decembro. ArtFutura ofrece un pequeno adianto do que poderemos ver na edición 2006 do festival de cine dixital por excelencia.